

TIPOS DE PROXECTOS

PRODUCTIVOS

Actividades económicas/empresariais con fin lucrativo tendentes á produción de bens ou servizos, que supoñan a creación ou mantemento do nivel de emprego. **Subvencionables ata o 45%** (axuda pública máxima de **200.000 euros**).

NON PRODUCTIVOS

Iniciativas dirixidas a cubrir necesidades da poboación rural, e que respondan a un interese público ou colectivo conforme ós obxectivos da EDLP do GDR. **Subvencionables ata o 90%** dependendo da prioridade do tipo de proxecto (axuda pública máxima de **200.000 euros**).

BENEFICIARIOS

- ▶ Persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- ▶ Entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- ▶ Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

CONVOCATORIA

O prazo de presentación de solicitudes estará vixente durante todo o período de execución da medida Leader, tendo en conta as seguintes datas anuais de admisión de solicitudes:

- ▶ **31 de marzo de cada ano:** data final de admisión de solicitudes para a primeira proposta anual de selección de proxectos.
- ▶ **31 de maio de cada ano:** data final de admisión de solicitudes para a segunda proposta anual de selección de proxectos.

As **solicitudes**, xunto coa documentación complementaria, deberanse presentar a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>



+info

Tel. 986 108 144 - 695 333 087

administracion@gdrpontevedramorrazo.eu

técnicos locais de emprego

www.gdrpontevedramorrazo.eu



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

galicia
o bo camiño



IMPULSAMOS OS TEUS PROXECTOS

www.gdrpontevedramorrazo.eu

AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO RURAL LEADER 2014-2020

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Grupo é unha entidade público-privada, sen ánimo de lucro, que elaborou a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP) 2014-2020 do territorio.

O ámbito territorial de actuación abrangue os concellos de **Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cerdedo-Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior e Vilaboa**. Quedan excluídos os núcleos urbanos de poboación de Cangas, Marín e Pontevedra e os parques empresariais do concello de Pontevedra.

O GDR Pontevedra Morrazo ten entre os seus obxectivos contribuír a revitalizar o rural, a facelo habitable e habitado, dinámico e integrador, apostando polos recursos endóxeos como motor de desenvolvemento sustentable.

LEADER

O LEADER é unha medida do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020. A súa metodoloxía de "abaixo-arriba" vén sendo impulsada pola Unión Europea desde 1991 para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural, de xeito que o territorio rural convértase en protagonista do seu propio desenvolvemento.

Neste período os principais obxectivos son:

- ▶ Crear e manter empregos
- ▶ Mellorar o nivel de vida
- ▶ Favorecer a ocupación do rural
- ▶ Incentivar a actividade económica
- ▶ Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio
- ▶ Fomentar unha economía baixa en carbono

ORZAMENTO

A **dotación financeira** para a aplicación da EDLP a través do LEADER no GDR Pontevedra-Morrazo conta cun importe total de fondos públicos de **3.137.373,21 euros** para as anualidades do período 2017-2020, cofinanciados con fondos europeos do FEADER.

LIÑAS DE AXUDA

▶ **Investimentos no sector da produción agraria primaria**

Mellora da eficiencia enerxética das explotacións agrarias e/ou emprego de fontes de enerxía renovables, que acaden unha redución de custes mínima do 40 %.

Pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000 euros de investimento total elixible, que supoñan o inicio ou implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto.

▶ **Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios**

Investimentos que non excedan da contía máxima de 30.000 euros en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización de empresas destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, excepto os produtos da pesca.

▶ **Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais**

Investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da madeira como materia prima que sexan anteriores á primeira transformación industrial, dirixidos á produción de quebrado de madeira e/ou de pellets para a xeración de enerxía e/ou fonte de calor.

▶ **Investimentos que supoñan diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias**

Proxectos que impliquen o inicio ou mellora dunha actividade produtiva complementaria á da propia actividade agraria que se desenvolva na explotación agraria; tales como: elaboración e venda de produtos artesanais; agroturismo; servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio; ou prestación de servizos á poboación.

▶ **Investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias**

Proxectos que supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.

▶ **Investimentos en proxectos non produtivos**

Proxectos que teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica; tales como:

- ▶ Proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural.
- ▶ Proxectos referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural como as actividades recreativas e culturais, xunto coas correspondentes infraestruturas a pequena escala etc.

Resolución de aprobación das Bases Reguladoras, DOG 18/01/2017

